

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN OS PREZOS DE MATRÍCULA DE APLICACIÓN AO ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS QUE NON TEÑA A CONDICIÓ DE RESIDENTE PARA O CURSO 2021-2022

O Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22 (DOG do 13 de xullo), establece no punto 2.5 que “A universidade establecerá, mediante resolución reitoral debidamente motivada, os prezos que deberá aboar pola matrícula en estudos de grao e máster o alumnado estranxeiro maior de dezoito anos que non teña a condición de residente, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou aquelas a que lles sexa de aplicación o réxime comunitario. En todo caso, estes prezos terán como límite máximo os vixentes para esta tipoloxía de estudantado no curso 2020/21 na mesma universidade”.

Co obxecto de homoxeneizar as condicións de matrícula no Sistema universitario de Galicia, as tres universidades galegas acordaron establecer os mesmos prezos para o curso 2021-2022 no colectivo indicado, tendo en conta a limitación establecida no devandito Decreto.

Por todo o anterior, esta reitoría RESOLVE:

Establecer no anexo desta resolución os prezos públicos correspondentes aos estudos de grao e máster cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezoito anos que non teña a condición de residente, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou aquelas a que lles sexa de aplicación o réxime comunitario.

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO

1-. Ensinanzas de grao

Epígrafe A: 17,41 €/crédito

Epígrafe B: 12,31 €/crédito

2-. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable

Epígrafe A: 17,41 €/crédito

Epígrafe B: 12,31 €/crédito

3-. Outras ensinanzas de máster oficiais

Epígrafe A: 17,41 €/crédito

Epígrafe B: 12,31 €/crédito

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
15/07/2021 10:56:18.

CSV: EDA1-69FB-4754-B63F